

CÓDIGO DE CONDUCTA ÉTICO-POLÍTICA DE REGALOS

O plan de medidas antifraude do Concello de Betanzos, aprobado polo pleno da corporación municipal na sesión ordinaria do 25 de outubro de 2022, dálle unha especial relevancia ao establecemento dun código de conduta, como referente da cultura ética na que deben enmarcarse as actuacións do Concello de Betanzos.

A proposta está en liña coa Recomendación do 26 de xaneiro de 2017, do Consello da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos sobre integridade pública, así como o Manual sobre integridade pública do 7 de xullo do 2020, da dita organización, e coa Comunicación da Comisión Europea relativa ás Orientacións sobre como evitar e xestionar as situacións de conflito de intereses segundo o Regulamento (2021/C121/01, *Diario Oficial da Unión Europea* do 9 de abril de 2021), que indica que a aplicación dun código ético ou de conduta ten unha grande importancia como instrumento útil para concienciar e establecer normas e obrigas para previr e xestionar as irregularidades.

O establecemento dun Código de conduta ética como parte dun sistema de integridade pública supón un exercicio de autorregulación, aliñado co Obxectivo de desenvolvemento sustentable 16 da Axenda 2030 das Nacións Unidas, que compromete ao conxunto de empregados e empregadas públicas incluídas no seu ámbito de aplicación á adopción de principios e normas de conduta que, máis aló do seu estrito cumprimento, aspiran a elevar os estándares de integridade e excelencia da súa actuación como tales empregados públicos.

Polo relevante da materia vese conveniente especificar nun apartado diferente o punto 6 do artigo 54 do Plan antifraude do Concello de Betanzos referente á política de regalos:

POLÍTICA DE REGALOS

Canto á política de obsequios do Concello de Betanzos, en desenvolvemento da normativa do TREBEP e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, establécese que os empregados e as empregadas públicas:

- Como regra xeral, ningún cargo electo nin tampouco o persoal ao servizo da Administración municipal aceptará a recepción de calquera regalo para si mesmos ou para o seu inmediato círculo familiar ou análogo en consideración ao seu cargo ou por razón do posto de traballo, así como favores ou servizos de persoas físicas ou entidades que supoñan privilexio ou vantaxe inxustificada ou que poida condicionar o desenvolvemento das súas funcións ou a toma de decisións.
- Calquera regalo recibido nalgún centro de traballo da Administración municipal que contraveña o presente código, deberá ser inmediatamente devolto e comunicado á Secretaría municipal, que levará un rexistro para os efectos de deixar constancia deste tipo de situacións. Se resultase imposible o seu rexeitamento ou devolución, deberá ser entregada ao

departamento de Tesouraría que o destinará a fins de interese social, logo de emitir o correspondente recibín.

-En ningún caso se poderá:

- Solicitar atencións ou regalos ou outras cousas que supoñan un beneficio para si ou para unha terceira persoa, con independencia do seu valor.

- Aceptar efectivo ou equivalentes como, por exemplo, tarxetas regalo, billetes premiados de lotaría ou xogo ou regalos feitos en forma de servizos ou outros beneficios distintos a produtos e efectivo ou equivalentes (por exemplo, o uso da casa de vacacións, etc.).

Esta política deséñase co propósito de orientar os comportamentos e axudar ao persoal a tomar decisións correctas con relación aos regalos, convites ou viaxes, e evitar o risco de incorrer, por descoñecemento, en actuacións que, a feitos consumados, poidan confirmarse irregulares. O seu fin último é prever a comisión de actos ilícitos e daqueles que poidan xerar a aparencia de ser un acto ilícito.

Unha vez aprobado este documento será subscrito por cada unha das persoas que participen na redacción, tramitación, xestión, xustificación ou control dos fondos públicos procedentes do PRTR e será obxecto da publicidade adecuada para o coñecemento da cidadanía en xeral mediante a súa publicación na páxina web do Concello de Betanzos.